

Os límites entre galego e asturleonés en Asturias

Xavier FRÍAS CONDE

ABSTRACT

The linguistic border between Galician and Asturian in Asturias was first studied by Ramón Menéndez Pidal in the early 10th's. He was the first scholar who set the line between both languages on the right side of river Navia. After him other important Spanish linguists confirmed this first sight. José Menéndez García was much more precise and took two capital features to establish the frontier: the diphthongisation or lack of diphthongisation of both short Latin /e/ and /o/ vowels and the dropping or conservation of intervocalic /n/. Dámaso Alonso recognised the language spoken between the rivers Eo and Navia as Galician, despite some Asturian features are easily recognised (on the other side Galician features can be found in the western Asturian dialect). Finally Diego Catalán added some new elements, including morphological ones, that permitted to set a much more precise frontier (however Menéndez's studies are probably the most accurate up to now). Our contribution to this series of studies is a large list of phonological, morphological and syntactical elements that are different in both languages, though some Galician elements are to be found in western Asturian and vice versa some Asturian elements are to be found in eastern Galician.

Palabras clave: Gallego, fronteras lingüísticas, asturiano, leonés.

INTRODUCCIÓN

Sempre é difícil marcar as lendes exactas entre dúas linguas cando estas son irmás (é dicir, proveñen do mesmo tronco lingüístico)¹ e por riba a

¹ Quero agradecer a Fernando Álvarez-Balbuena os seus comentarios sobre este artigo que me permitiron melloralo considerabelmente, especialmente no tocante ao asturiano occidental e sobretodo no tocante á toponimia na súa forma enxebre.

fronteira entre elas non é compacta, senón que aparecen unha serie de isoglosas ao longo dun territorio extenso. Tal é a situación da raia entre o galego e o asturleonés en Asturias, dado que a transición dunha lingua para a outra non se fai dun xeito brusco, como pode acontecer máis ao sul, onde as linguas foron exportadas durante a Reconquista; por tanto na fronteira hispano-portuguesa a transición do portugués para o leonés-castelán faise radicalmente. É unha situación asemellada (mais non igual) á que encontramos en Aragón, onde o aragonés e o catalán teñen unha área de isoglosas cruzadas que en moitos casos non permite distinguir onde comeza unha lingua e remata a outra. Mais insisto en que o caso do galego en Asturias non é exactamente igual, posto que si ben é certo que existe unha zona que vén desde o oriente de Lugo e chega ata moito máis alá da vila asturiana de Luarca onde as isoglosas se entrecruzan, existe unha fronteira máis ou menos nítida na que coinciden moitos elementos que permiten diferenciar unha lingua da outra. Seguramente o non recoñecemento desta fronteira é o que levou a pensar a determinados estudiosos que a zona de transición entre galego e asturiano é inmensa e que praticamente existe un dialecto híbrido na zona Eo-Navia, con caracteres alternantes galegos e asturianos, mais iso non é así, segundo veremos ao longo deste traballo. Existe unha fronteira entre o galego e o asturiano en Asturias, baseada nunha longa serie de isoglosas que coinciden case ao cen por cen no seu trazado e que máis adiante presentaremos.

Aínda que neste artigo nos centraremos nos límites galego-asturleoneses en Asturias, é preciso sinalar que os trazos que analizaremos aquí non son de todo coincidentes cos que poden marcar a fronteira lingüística en León ou Zamora. Isto débese a que en eonaviego² existen determinados fenómenos que non son propios do galego común, como o artigo *uha* ou evolucións coma *caxa* que son propias do asturiano (vid. *caxa*); porén, en dialectos asturleoneses meridionais, coma o xabrés ou o mirandés, danse formas coincidentes coas galegas nestes eidos: *unha*, *caixa*, sen por iso considerarmos estes dous dialectos coma galegos e nin sequera coma falares de transición.

Por último, cómpre sinalar que existe outra fronteira interna, esta entre o eonaviego e o galego oriental, mais á cal non faremos ningunha referen-

² Utilizo esta denominación que xa acuñeai hai algún tempo e coa que fago mención ao galego falado entre os ríos Eo e Navia (a Terra Eo-Navia) no Principado de Asturias (X. Frías; 1997 e 1999). Convén, igualmente, sinalar algúns elementos gráficos que se veñen usando na escrita do eonaviego: <lh> ou <j> para a palatalización: *júa*, *jonxe*, *martejo*; <ê> para a metafonía por antiga nasal: *chéa*, *chéos*, *bós*, *bóa*. O artigo indefinido gráfase *uha* e a forma *uns* coincidente coa estándar admite diversas pronunciacións, sendo a más espallada /us/.

cia por ser esta unha lende interna do galego e que fica fóra do noso ámbito de estudio.

OS LÍMITES SEGUNDO OS AUTORES CLÁSICOS

a) Ramón Menéndez Pidal

É importante recordar dentro da literatura románica hispánica como se viu esta situación ao longo dos anos. Sen dúbida, quen abriu o camiño e estableceu nidiamente a fronteira entre o galego e o asturiano no Principado foi don Ramón Menéndez Pidal no seu xa clásico *El dialecto leonés*. O pai da Filoloxía Española, definiu con pola primeira vez cales eran os criterios para marcar estes límites, atendendo sobre todo a dous elementos fundamentais (M. Pidal;1961:16-18): primeiro, o tratamento de /ɛ/ e /ɔ/ tónicos latinovulgares, que ditongan en asturleonés mais non o fan en galego-portugués; e segundo, o tratamento de /n/ intervocálico, que se conserva en asturleonés mais cae en galego. Estes dous elementos son os que lle serviron a el e posteriormente a outros moitos autores, para marcar o límite lingüístico entre o galego e asturiano, e que é coincidente con outra longa serie de fenómenos, aos que nos referiremos máis adiante, os cales serven para reafirmar esta fronteira primitiva. Eis o que este autor di ao respecto do vocalismo (M. Pidal;1961:16-17):

Por el Occidente, el límite del leonés no coincide con el del antiguo reino de León, ya que este abarcó también Galicia y Portugal. [...] A pesar de que la frontera del dialecto leonés es bien precisa (a diferencia de la frontera oriental), está poco estudiada y malconocida; es preciso ir marcando una línea que pase por entre pueblos vecinos, de los cuales los de Occidente no diptongan la ē y la ò latinas, diciendo corpo, terra, y los de Oriente las diptonguen, diciendo cuerpo, tierra [...]. Esta línea está muy lejos de ser conocida.

Posteriormente, referíndose ao tratamento de /n/ di (M. Pidal;1961:17, n. 6):

Otro rasgo gallego del habla de Armental es la pérdida de -N- intervocálica: chao, llano, cazuaya, pértiga del carro (en Villapedre cazonaya)³, foucía, hoz chica (en Villapedre foucina), ra, rana, ras, ranas, caes, [...]. Pero va más allá que el gallego diciendo vecíos, veci-

³ Na ortografía habitual do subestándar eonaviego é *cazoalla*.

nos (sing. *vecín*, gall. *viciño*, *viciños*).- **Pero este gallego limitrofe con el asturiano** <subliniado noso> ofrece también rasgos leoneses como es la palatalización de *L*- inicial y *-LL*- medial.

Menéndez Pidal tentou ofrecer unha primeira fronteira partindo dos datos que dispuña (1961:17-18). Tal fronteira é xa exacta e os estudos posteriores apenas mudaron algúns puntos xeográficos ou corrixiron pequenos pormenores; eis a fronteira marcada polo paí da filoloxía española:

En Asturias, junto al mar, el dialecto leonés, no empieza sino a la derecha del río Navia <subliniado noso>; *a la izquierda del río se habla una variedad del gallego de Lugo, y aún en algunos pueblos inmediatos a la orilla derecha. Así en Armental, que está a la derecha, se dice corpo, terra, morto, tempo (mientras que Villapedre, que dista ocho kilómetros, ya aparece el diptongo muerto [...]). Remontando el curso del Navia se hallan a su orilla derecha nombres gallegos mezclados con otros leoneses: Cabanellas sin diptongo, como Cacabellos (2 kils. al sur de Armental) [...].*

A juzgar por estos nombres, el gallego se extiende por una franja de unos ocho kilómetros al oriente del Navia. Probablemente este límite esté determinado por razones históricas tan antiguas, que tendrá algo que ver con el límite de los conventos jurídicos Asturicense y Lucense; el río Navia, según Plinio, separaba a los astures pésicos de los gallegos lucenses.

Menéndez Pidal acerta de pleno cando trata de procurar as razóns da presencia do galego nestas terras. Con efecto, os albións, tribo céltica, pobraron estes territorios nos tempos máis remotos. O paso deste territorio para Asturias foi moi temperán, cara ao século XIII, cando o bispo de Mondoñedo e o de Oviedo chegaron a un intercambio de territorios.

Véxase o mapa 1, onde veñen marcadas unha boa serie de isoglosas do asturleonés, véndose claramente cales son as lendes co galego non só en Asturias, senón máis cara ao sul.

b) Dámaso Alonso

Os primeiros e mellores estudos dedicados ao galego eonaviego son, sen dúbida, os de Dámaso Alonso. Todos os artigos adicados ao galego de Asturias están no tomo I das súas Obras Completas (a edición que manexo). El foi que acuñou a denominación de *galego-asturiano* para se referir a es-

tes falares, onde queda abondo claro que *asturiano* é un engadido xeográfico, do mesmo xeito que acontece co ancarés, para el *galego-leonés*. Canto á fronteira, eis o que dicía este filólogo –permitímonos traducilo para o galego– (D.Alonso; 1971; t.I, 397), onde se ve que admite os límites marcados anos antes por Menéndez Pidal:

Fronte á cortante división administrativa entre Galicia e Asturias, a linguaxe ofrece unha serie de gradacións. Como o arco da vella entre entre dúas cores inmediatas, hai un momento, en dirección para Occidente, en que nos sentimos dentro do galego, e outro, rumo a Oriente, na que nos sentimos dentro do neto asturiano. Mais existe unha zona intermedia, na que, despois de todo, a designación que deamos á lingua dependerá da nosa maneira de apreciar e interpretar, un a un, toda unha serie de feituras lingüísticas. Propónome trazar noutra ocasión ese tema. Abonde hoxe con dicir que a afirmación xa antiga de que o galego chega, dentro de Asturias, ata o río Navia⁴, é xustísima <subliñado noso>, se ben, como é sabido, algúns fenómenos tipicamente asturianos penetran ao oeste desa liña. Estas falas de entre o Navia e o Eo, fundamentalmente galegas, mais con algúns trazos asturianos, desígnasas co nome de galego-asturiano (sic)».

A denominación de galego-asturiano deu pé a certos autores a trataren o eonaviego coma unha mestura. Máis adiante teremos ocasión de voltar sobre iso. Por último, é interesante amecer que nesa mesma páxina (397), na nota a pé de páxina 4, chega a se referir al galego eonaviego como «*galego del Eo al Navia*»⁵.

c) Manuel Menéndez García e Diego Catalán

O primeiro autor contemporáneo que percorreu toda a fronteira nos anos cincuenta foi M. Menéndez García. El estableceu os límites exactos entre galego e asturiano atendendo sobretodo a tres criterios: ditongación ou ausencia dela, perda de /n/ e tratamiento de /l-/ e /-ll-. Cunha meticulosidade louvábel, este autor trazou tres isoglosas que en boa medida coincidían, agás en tres puntos: oriente de Navia, Vilhaión e parroquia de A Estierna

⁴ Refírese a Menéndez Pidal no seu *El dialecto leonés*, §1 2, pola edición primiera de 1906.

⁵ Existen outros autores que se ocuparon da fronteira, entre os que cómpre citar a José Menéndez, Alonso Zamora Vicente ou J. L. Rodríguez Castellanos dos que non nos ocuparemos, mais damos a referencia dos seus traballos na bibliografía da fin deste estudio.

(véxase a bibliografía da fin deste traballo). Del tomaron os datos e os completaron posteriormente Diego Catalán e Xoán Babarro⁶.

Diego Catalán percorreu esa mesma fronteira lingüística e detallouna claramente, atendendo aos trazos sinalados, segundo dixemos, por Menéndez García, aos que engadiu outros, tanto fonolóxicos coma morfosintácticos.

As características que sinala D. Catalán (1989:45-48) á hora de delimitar o límite entre o galego e o asturiano en Asturias son tanto de tipo fonolóxico coma morfolóxico, segundo xa dixemos, agrupados en catro grandes grupos:

- presencia ou elisión de *-n-*,
- ditongación ou aditongación de *-è-* e *-ò-*
- resultado /ts/ ou /l/-/l/;
- morfemas galegos <*-n*>, <*-che*>, pronomes *che* e *min*, contraccións *mo*, *cho*, *lllo* (non é pertinente, embora, *iou/eu*, xa que *iou* é forma que se rexistra en Vilhaión, Navia e mais en Ancares dentro do dominio galego. Hai, como se verá más adiante, áreas intermedias onde os límites diverxen.

Os elementos que marcan os límites son estes:

- (a) **Límite de diptongación - non-diptongación:** En Allande de Tras-el-Palo ditonga só El Rebollo; en Vilhaión toda a parroquia de Parl.leiru, salvo Llendequintá (oficial Len de Quintana), na parroquia de Vilhaión non se dá a ditongación de /↔/ perante nasal trabada, o mesmo que acontece en Puerto Veiga, Tox e Vil-labona (Navia) e mais A Estierna. Xunta este elemento, o sistema eonaviego é de sete (mesmo oito) vocais, mentre o asturleonés é de cinco en todos os casos.
- (b) **Límite de /n/ caedizo ou conservado:** As vilas da dereita do Nava desde Piñeira, coas parroquias de Vil.lapedre, La Polavieya e Puerto Veiga amais das parroquias de Vilhaión e Parl.leiru, salvo tamén Llendequintá, a conservan. En Allande occidental tamén se conserva en El Rebollo, mais cae nalgúns terminacións en Sisterna:

- as terminacións *-ONA*, *-UNA*
- o diminutivo *-INA*

⁶ Aínda que non tratarei os estudos de Babarro, si paga a pena comentar que foi este autor quen sinalou como áreas de transición estas zonas ás que venía de referirme e que persoalmente incorporei en Frías (1999).

- o plural -INOS
- o plural -ONES

- (c) **Límite de -ts-:-l-/ll-:** Coincide a grandes rasgos cos límites anteriores. Pódese afirmar que El Rebollo de Allande ten -ll-.
- (d) **Morfemas pronominais:** As desinencias galegas antes citadas úsanse na parte oriental de Navia. Polo demais, os límites son iguais aos anteriores. Son principalmente a diferenza entre *te* e *che*, que se produce en galego, mentres que en asturiano occidental apenas é *te*.

Este gran feixe de elementos verase ampliado máis abaixo con outra serie deles e dos que nos ocupamos arreo.

OS LÍMITES ENTRE ASTURIANO E GALEGO EN ASTURIAS

Unha vez vistos os estudos que ata a data se fixeron sobre esta cuestión, tentaremos marcar cal é esa fronteira relativamente compacta onde toda unha serie de isoglosas coinciden, aínda que en determinados casos pode haber mínimas diferencias entre algunas delas. Partimos dos elementos sinalados por Diego Catalán e aos que nos referimos enantes, mais engadimos outros novos (mantemos a numeración para dar a idea de continuación) (X. Frías; 1999: 10)

- (e) **Presencia ou ausencia do infinitivo conxugado:** En galego de Asturias coñécese, mentres que en asturiano occidental é descoñecido. Curiosamente, en mirandés si se usa.
- (f) **Artigo neutro igual ao masculino ou diferente:** En galego son iguais: *el~el*, mentres que en asturiano occidental non: *el~lo*. É incorrecto que *lo* sexa artigo neutro en eonaviego, porque se trata dunha influencia castelá recente.
- (g) **Desinencias verbais:** As galegas son *-ades*, *-edes*, *-ides* fronte ás asturianas *-ais*, *-eis*, *-is* para o presente de indicativo. Outro tanto pódese dicir de *-che* (*cantache*) fronte a *-ste* (*cantaste*), xa sinalado anteriormente.
- (h) **Enclise dos pronomes átonos co infinitivo e o xerundio:** O galego eonaviego coñece a proclise nos mesmo casos galego-portugueses, é dicir, sempre que houber unha conxunción, adverbio ou

simplemente unha preposición, como en *pra te ver*, mentres que en asturiano occidental isto só é posibel cando houber unha conxunción (*que*), ou unha forma negativa, por tanto só se coñecería, no exemplo anterior: *pa vete*.

- (i) **Plurais:** Son formas galegas *cheos*, *camíos* fronte aos asturianos *chenos*, *caminos* (ten moita relación co punto (b) de enriba).
- (l) **Perifrases verbais:** En galego de Asturias úsanse as perifrases con *a* + infinitivo alternando coas de xerundio, mentres que en asturiano só se coñecen as de xerundio: *tamos a falar*, *seguimos a correr*.
- (m) **Conxugacións:** As conxugacións en eonaviego se axustan en case todos os aspectos ao galego. No tocante aos verbos irregulares é ben notoria tal axuste. Para máis detalles, consúltense as táboas verbais do galego de Asturias en X. Frías (1999: 58-75).

Á vista destes elementos que nos parecen fundamentais, os límites en Asturias comezan en A Mariña, onde o río Frexulfe é a fronteira natural, dentro do concello de Navia, que separa as falas galegas das asturleonesas. A raia coincidente de /l/, /n/ e aditongación vai convxuntamente nestes primeiros momentos, ficando coma vilas galegófonas cara ao interior Frexulfe, Freal, Vilhaoril, As Murias, Puñil e Vilhartorei (fican, tamén dentro de Navia, as vilas de Somuortu, La Polavieya, Puortu Veiga e Piñeira dentro da zona asturiana, aínda que sería propiamente área de transición, xa que aquí si hai ditongación –agás cando seguida de nasal– mais si hai perda de /n/, como xa se viu enriba), penetrando logo en Vilhaión, incluíndo lugares como Arbón, Ribalagua, Lhanteiro, Argolelhas e Bustantigo.

A partir deste punto, aínda en Vilhaión, a serra é o límite quedando dentro do galego a parroquia de Ponticelha. Máis adiante, en Allande, a beira esquerda da serra do Rañadoiro é galegófona, salvo o lugar de El Rebollo, que ditonga malia que mantén /l/ no canto de /ts/ como o asturiano occidental. Esta serra, ao longo das parroquias de Santa Colomba, Verducedo, San Martín del Valledor, San Salvador del Valledor, segue marcando o límite ata Ibias, onde na parroquia de Sisterna hai un dialecto de transición segundo vimos⁷. Portanto, as serras de Leirosa (agás El Rebollo, como xa se dixo), El Palo, El Valledor (as tres en Allande), Valvaler e Valdebois (as

⁷ Máis adiante fago unha breve mención aínda do léxico; segundo as bases de datos que manexo, as coincidencias co léxico xeral galego roldan o 90%, mentres que co asturiano redúcense enormemente. En calquera caso, cómpre ter en conta que as semellanzas entre galego e asturiano no léxico son, por si, bastante grandes. No relativo ao vocabulario do corpo, dos trebollos da casa, da vivenda, do agro, dos animais, das doenças, etc., o eonaviego segue fielmente ao galego común.

dúas en Ibias) son fronteira nítida ata a parroquia de A Estierna (oficial *Sisterna*), que posúe un dialecto de transición, cuxos elementos más importantes xa foron vistos antes.

Non se pode deixar de sinalar que a isoglosa da ditongación e a de /n/ caedizo teñen unha forte diverxencia nestes tres puntos que dixemos de transición (Navia, Vilhaión e A Estierna). Concretamente en Vilhaión, hai varias aldeas que son totalmente galegónas por manteren ambos rasgos, mais hai outras nas que só aparece un deles. Segundo a Menéndez García (1963, t. I; mapas 1, 2, e 3), podemos sinalar tales aldeas: non ditonga toda a parroquia de Ponticelha xunto co lugar de Lhendequintá, mentres que o resto do concello ditonga, mais na parroquia de Vihaión hai perda de /n/ e resultado /ts/. Os lugares que perden /n/ mais ditongan nese concello, amais da capital, son Oneta, Gras (oficial *Granas*), La Llera (*La Linera* na forma oficial), La Riestre, Eirías, Busmente, Berbegueira, La Ferreiría e Carriu (que podemos considerar maioritariamente asturianos do punto de vista lingüístico). En Navia compórtase igual Piñeira.

Moitas destas isoglosas non son válidas fóra de Asturias, posto que outros dialectos asturleoneses coñecen algúns destes trazos. É interesante comprobar coma algunas outras isoglosas se afastan da raia que marcamos basicamente pola bacía do río Navia.

ISOGLOSAS QUE NON RESPECTAN O LÍMITE ENTRE GALEGO E ASTURIANO

Neste caso é preciso distinguir entre aqueles trazos asturianos que penetran no territorio galego e aqueles asturleoneses que penetran no territorio galego. Comezaremos polos primeiros.

Dentro do territorio lingüísticamente galego hai algúns elementos asturleoneses que se encontran en eonaviego:

1. A palatalización de /l/ > /ʎ/ inicial nunha área que inclúe case toda a Mariña e se espalla ao longo da fronteira lingüística até Verducedo (Allande): *l·úa, l·ende, l·onxe, l·ougo, l·avar*, etc. Véxase o mapa 2.
2. Tratamento de /k'l/, /ʎ/ e /g'l/ coma /ʒ/, mesmo [dʒ], na zona palatalizadora, opónense a /ll/ > /l/. Deste modo, atopamos diferencias do tipo *martelo ~ martel·o; ela ~ el·a*, etc. No concello de Navia deuse /l/ en todos os casos anteriores desde moi cedo, polo que non se tra-

ta de un sistema asturiano. Ademais, en xabrés e mirandés todos os resultados dos grupos anteriores son sempre /l/.

3. A conservación de /l/ penetra en eonaviego, mais aparece en Calabor e mesmo portugués trasmontano: *palo, avolo*. Non obstante, están documentados casos de /l/ caída no plural: *rais, atafais, animais*.
4. Os plurais pronominais etimolóxicos *estos, esos, aquel'os, el'os* penetran en eonaviego, mais *estes, es(s)es, aqueilhes* son comúns en xabrés e mirandés.
5. O eonaviego mantén as formas más antigas *baxo, caxa, faxa*, mais estas aparecen esporadicamente por todo o galego exterior e mesmo oriental; así e todo, en xabrés e mirandés danse formas iguais ás galego-portuguesas: *baixo, caixa, faixa*.

Os elementos galegos que se achán ainda en asturleonés, especialmente en asturiano occidental, son:

1. O tratamento /pl-/ , /kl-/ , /fl-/ nunha parte do asturiano occidental: *chave, chorar, chamar*, etc.
2. A conservación dos ditongos decrecientes en todo o bloque occidental: *caldeiru, roubar, cousa, falou, depueis* (cf. *depueis* no centro). En cambio, o asturiano occidental (mais non o resto do bloque) motongá en *eira > era*.
3. Metátese en –ORIU, –ORIA, descoñecido en asturiano occidental: *treitoira* (cf. *trechoria*).
4. Falta de palatalización en grupos con iode: CULTU > *cuitu* (centro *cuchu*), FACTU > *feitu* (centro *fechu*).
5. O asturiano occidental descoñece, na súa maioría, a palatalización de /nn/ > /ñ/ que se dá no centro, e tamén noutros dialectos occidentais, coma o xabrés e o mirandés. Exemplos asturianos occidentais son: ANNU > *anu*, CAPANNA > *cabana*, etc.

Véxase, ademais, a táboa 1, onde se pode comprobar que existen moitos máis destes elementos que o asturiano occidental ten en común co galego e que o arredan do asturiano central.

CONCLUSIÓN

A fronteira entre galego e asturiano en Asturias foi, desde os primeiros momentos, obxecto de estudio pola parte dos autores que trajeron calque-

ra destes dous dominios lingüísticos. Foron os que estudiaron o asturleonés os que lle emprestaron maior atención e froito dunha serie de estudos ao longo do século xx pódese trazar tal fronteira con abonda precisión. Sendo conscientes de que existen fenómenos que marcan a transición desde moi-to antes dessa fronteira que marcamos anteriormente, o número deles é inferior ao doutros fenómenos que discorren conxuntamente pola beira de-reita da bacía do río Navia e que dá pé a establecer ao longo desa liña a fronteira.

Dentro dasas isoglosas que teñen un comportamento caprichoso está o tratamento de /n/ intervocálico en certas circunstancias en toda a zona fronteiriza. En xabrés documéntanse formas coma *diñeiro*, *moliñeiro* ou *cociña*, que en eonaviego abala: *diñeiro* ~ *dieiro*, *muiñeiro* ~ *mulieiro* ~ *mu-liñeiro*, *cocía* ~ *cociña*. Para UNA a forma eonaviega é de simple perda de /n/ fronte á galega *unha* e á portuguesa *uma*. Tamén se pode sinalar aquí a forma *camín* en eonaviego e asturiano, mais *camíos* en eonaviego fronte a *caminos* do asturiano. En xabrés e mirandés danse *camino* > *caminos* e en galego *camiño* > *camiños*. Toda unha mestura de trazos que resultan, can-do menos, sorprendentes.

TÁBOA 1

As isoglosas de separación entre galego e asturiano en Asturias. Como se pode apreciar, os máis deles transcorren pola liña que separa o galego-portugués do asturleonés tendo fronte a fronte o eonaviego e o asturiano occidental. Tal liña é a que aparece no mapa 1.

Fenómenos	GALEGO-PORTUGUÉS			ASTURLEONÉS	
	Galego común	Galego oriental	Eonaviego	Asturiano occidental	Asturiano central
/-e/-i/ vocais finais (1)		/pedra/, /roda/	falaðo [fa'láðo] ⁸	/pjedra/, /-rwoda/	/pjedra/, /rweda/
vocais finais (2)			alto	falaðo [fa'láU/]	falaú, falaðo
ditongos decres.			feita, robou		altu, alto
proparoxítono	pexego coxegas		péxego cóxegas	piescu coscas	piescu cosques
result. ~ULT~	moita		muita		muncha
result. ~AKT~			feita		fecha
/l/	pa, ceo, animais		palo, celo, animais	palo, cielu, animales	
/l-/		lonxe, lúa	l-onxe, l-úa	l-lonxe, l-luna	lloñe, luna
/l/		martelo, ela	martel-o, el-a	martiellu, el-ta	martiellu, ella
/k'v/, /j/		olto, fillo ⁹		güeyu, fiyu ¹⁰	
/n/	irmán, ra		irmao, ra		hermanu, rana
/n/ ²	unha		uha		una
/n/ ³	cheo > cheos		chen > chéos	chen > chenos	llenu > llenos
/n/ ⁴	sobrño, sobriña, sobriños		sobrin, sobria, sobrios	sobrin, sobrina, sobrinos	
/n/ ⁵	arando, carambo, trobo			arándanu, truébanu	
/d/	falado, falada, falados, faladas ¹¹			falaú, falada, falaos, faladas	falaú, falada, falaos, falaes
/pr-/ , /kr-/ , /br-/ semicílico		praza, branco, cravo		plaza, blancu, clavu	
/pl-/ , /kl-/ , /ll-/ primitivo		chover, chamar, cheirar		llover, llorar	llover, llamar
/kwa-/ , /gwa-/	catro, gardar		cuatro, g(u)ardar		
/-as/, /-an/		cantas, cantan			cantes, canten
dúas oclusivas ¹			xulgar		
dúas oclusivas ²	cóbado ¹²		coldo		coldu
/nn/			ano		añu

⁸ A perda de /d/ na fala actual é un fenómeno moi recente que afecta ao galego na súa totalidade, non só ao eonaviego. Certos dialectos levan m-s lonxe esta perda (X. Frías; 1999).

⁹ En todo o galego dáse unha pronuncia maioritariamente ieísta. As antigas diferencias fican hoxe neutralizadas na maioría dos falantes. É de prever que nesta lingua, como en castelán, /A/ dea desaparecido en breve.

¹⁰ En asturiano occidental tamén güechu, fichu.

¹¹ A perda de /d/ en eonaviego e en boa medida no resto do galego nestas terminacións é moi recente e por influencia do castelán.

¹² A lingua medieval galega coñeceu a mesma solución do asturiano. Para DUBITA existían formas antigas *dulta* e *dulda*, como *dulda* en asturiano.

TÁBOA 1 (*continuación*)

Fenómenos	GALEGO-PORTUGUÉS			ASTURLEONÉS	
	Galego común	Galego oriental	Eonaviego	Asturiano occidental	Asturiano central
/sj/	<i>queixo, cereixa</i>			<i>queisu, cereiza</i>	<i>quesu, zreza</i>
PESTULARE	<i>pechar</i>				<i>pesllar</i>
-ATICU fem.	<i>a fogaxe, a friaxe</i>			<i>el viaxe</i>	
artigo def. masc./neut	<i>o neno</i>	<i>el-o neno,</i>		<i>el nenu</i>	<i>lo rápido</i>
<i>o rápido</i>		<i>el-o rápido</i>			
xénero (1)	<i>ruín, ruíns</i>	<i>ruín, ruía, ruíos, ruías</i>		<i>ruín, ruina,</i>	<i>ruín, ruina,</i>
				<i>ruinos, ruinas</i>	<i>ruinos, ruínes</i>
xénero (2)	<i>dous, díás</i>			<i>dos</i>	
IN ILLO	<i>no</i>			<i>nel</i>	
exp. plurais	<i>ás veces, ás carreiras, ás apalpadelas</i>			<i>a veces, a tientes, a carreiras</i>	
xén. neutro	<i>carne rica</i>			<i>carne rico</i>	
adjectivos	<i>primeiro, terceiro, c(u)alquera</i>			<i>primer, tercer, cualquier</i>	
TEUS, SEUS	<i>teu/túa, seu/súa</i>		<i>tout/túa, sou/súa</i>		<i>to, so</i>
CADA + pos.	<i>cadantúa, cadansúa</i>			<i>cadún la súa</i>	<i>cadún la so</i>
EGO	<i>eu</i>		<i>iou</i>	<i>you</i>	<i>yo</i>
acus. e dat. 2 PS	<i>te, che</i>			<i>te</i>	
dat. solidariedade	<i>éche grande</i>			<i>ye grande</i>	
ILLOS (tón.)	<i>eles</i>	<i>el·os</i>		<i>el·los</i>	<i>ellos</i>
ILLOS (át.) ¹	<i>xa os vin</i>		<i>xa los vin</i>		<i>yá los vi</i>
ILLOS (át.) ²	<i>vin(n)os</i>			<i>vilos</i>	
ILLI	<i>lle</i>			<i>l-le~yi~y</i>	<i>-y</i>
metafonía ¹	<i>quéro, quères, quère</i>		<i>pódo, pòdes, pòde</i>		<i>quiero, quies, quier</i>
					<i>puedo, puedes, puede</i>
metafonía ²	<i>durmo, dòrme, dòrme</i>			<i>duermo, duermes, duerme</i>	
metafonía ³	<i>sigo, sègues, sègue</i>			<i>sigo, sigues, sigue</i>	
desinencia -ASTE	<i>falache(s)</i>			<i>falaste</i>	
desinencia -ASTIS	<i>falades</i>	<i>falais</i>	<i>falades</i>		<i>falaís</i>
3PS	<i>comeu, partiú</i>				<i>comiò, partiò</i>
desinencia -ARUNT	<i>falaron, comeron, partiron</i>			<i>falanon, comienon, partienon</i>	<i>falaron, comieron, partieron</i>
		<i>valerei</i>		<i>valdrei</i>	<i>valdré</i>
		<i>quererei</i>		<i>quedrei</i>	<i>quedré</i>
futuros	<i>haberei</i>		<i>habrei</i>		<i>habré</i>
	<i>saberei</i>		<i>sabrei</i>		<i>sabré</i>
	<i>tenrei</i>		<i>tendrei</i>		<i>tendré</i>
/-n/ desinencial	<i>souben</i>		<i>soupe</i>		<i>supi</i>
	<i>vin</i>		<i>vi</i>		<i>vi</i>
imperativo (1)	<i>falade, comede, partide</i>			<i>falai, comei, partií</i>	
imperativo (2)	<i>serve, parte</i>				<i>sirvi, parti</i>
xerundio	<i>falando, comendo, partindo</i>			<i>falando, bebiendo, partiendo</i>	
A + inf.	<i>(es)tamos a falar / falando</i>				<i>tamos falando</i>
TINEO, VINEO, PONEO	<i>teño, veño, poño</i>			<i>tengo, vengo, pongo</i>	
VIDEO	<i>vexo</i>			<i>veo</i>	
STO, VADO	<i>(es)tou, vou</i>				<i>tó~toi, vo~voi</i>

TÁBOA 1 (*continuación*)

Fenómenos	GALEGO-PORTUGUÉS			ASTURLEONÉS	
	Galego común	Galego oriental	Eonaviego	Asturiano occidental	Asturiano central
SALIO	<i>saio</i>		<i>sal(i)o</i>		<i>salgo</i>
VALIO	<i>vaio</i>		<i>val(i)o</i>		<i>valgo</i>
infinitivo conx.		<i>falarmos-faláremos, falarades</i>			<i>falar</i>
pron. át. con inf.		<i>de vos ver~ de verbos</i>			<i>de vevos</i>
sufixos nominais		<i>movemento, repartimento</i>		<i>movimientu, partimientu</i>	
prep. <i>en</i>		<i>vai na vila</i>		<i>ta na villa</i>	
MAGIS		<i>máis</i>			<i>más</i>
AD NOCTE/ HIFRIS	<i>onte</i>		<i>onte ~anoite</i>	<i>anueite</i>	<i>ayeri</i>
JAM		<i>xa</i>			<i>yá</i>
HODIE	<i>hoxe</i>		<i>hoi</i>	<i>güei</i>	<i>hoi</i>
efecto eco		<i>Queres vir? Quero</i>		<i>Quies venir? Sí</i>	
IR (clima)		<i>val frío, sol</i>		<i>fai fríu, sol</i>	

TÁBOA 2

A unidade léxica galego-asturiano foi repetidamente estudiada ao longo dos últimos anos. O feito de que o noroccidente peninsular presente unha serie de pezas léxicas comúns, exclusivas desta área, é algo no que non imos entrar. Do que se trata, precisamente, é de presentar aqueles elementos que serven para distinguir galego e asturiano desde o punto de vista do léxico.

GALEGO-PORTUGUÉS			ASTURLEONÉS	
Galego común	Galego oriental	Eonaviego	Asturiano occidental	Asturiano central
<i>carallo, escarallar, caralleiro</i>			—	
	<i>can</i>		<i>perru, [can]</i> ¹³	
<i>chan ~ chao</i>		<i>chao, terrén</i>	<i>suelu, tarrén</i>	<i>suelu</i>
	<i>liscar</i>			<i>colar</i>
	<i>cativu</i>			<i>nenín</i>
<i>bico</i>		<i>bico, chuchu</i>	<i>chuchu, beisu</i>	<i>besu</i>
	<i>orballo</i> ¹⁴			<i>orbayu</i>
	<i>leira</i>		<i>estaxar</i>	<i>estaya</i>
	<i>leria</i>			<i>habayaes</i>
	<i>acougar</i>			<i>aselar</i>
	<i>adoitar, avezar</i>			<i>avezar</i>
	<i>agá(s)</i>			<i>salvo</i>
<i>aloucar</i>		<i>atoucar, atoriar</i>	<i>al.loriar</i>	<i>alloriar</i>
<i>andorinha</i>		<i>andolía</i>	<i>andulina</i>	<i>andarina</i>
<i>alcanzar, achegar</i>		<i>achegar, apurrir</i>		<i>apurrir</i>
	<i>baleiro</i>			<i>vaciú, vale(i)ru</i>
	<i>cóxegas</i>		<i>coscas</i>	<i>cosques</i>
	<i>despir</i>			<i>esnudar</i>
<i>estripiar</i>			<i>espurrir</i>	
<i>esterco</i>			<i>cuito</i>	<i>cucho</i>
	<i>freita</i>		<i>fana</i>	<i>argayu</i>
<i>porcoteixo</i>		<i>melandro, porcoteixo</i>		<i>melandru</i>
<i>ameixola</i>			<i>nisa</i>	
<i>tixela</i>			<i>sartén</i>	
	<i>pegoreiro</i>		<i>pregueiro</i>	<i>pastor</i>
	<i>seixo</i>			<i>cantu</i>
	<i>sofraxe</i>			<i>cofrana</i>
	<i>sugar</i>			<i>sorber</i>
	<i>mollo, (ubre)</i>			<i>caldar, ubre</i>
	<i>vasoiro</i>			<i>escoba</i>
<i>xacando</i>		<i>xacuando</i>		<i>acuantayá</i>
	<i>xermolar</i>			<i>gu(a)ñar</i>
	<i>losqueada</i>			<i>mocada</i>
	<i>tolo</i>			<i>llociu</i>
<i>(praia de) xogara</i>			<i>(playa de) bolla</i>	
<i>roibén</i>		<i>rubién</i>		<i>vermeyor</i>
	<i>silva, (silveira), arto</i>			<i>artu</i>

¹³ É coñecido *can*, como tamén acontece en castelán, mais non é o máis normal.

¹⁴ En galego é a roxada da mañá, mentres que en asturiano é a choiva miúda.


ÁMBITO LÉXICO

A unidade léxica galego-asturiano foi repetidamente estudiada ao longo dos últimos anos. O feito de que o noroccidente peninsular presente unha serie de pezas léxicas comúns, exclusivas desta área, é algo no que non imos entrar. Do que se trata, precisamente, é de presentar aqueles elementos que serven para distinguir galego e asturiano desde o punto de vista do léxico.

GALEGO-PORTUGUÉS			ASTURLEONÉS	
Galego común	Galego oriental	Eonaviego	Asturiano occidental	Asturiano central
<i>carallo, escarrallar, caralleiro</i>				—
<i>can</i>			<i>perru, [can]</i> ¹⁵	
<i>chan ~ chao</i>		<i>chao, terrén</i>	<i>suelu, tarrén</i>	<i>suelu</i>
<i>liscar</i>				<i>colar</i>
<i>cative</i>				<i>nenín</i>
<i>bico</i>		<i>bico, chucho</i>	<i>chuchu, beisu</i>	<i>besu</i>
<i>orballo</i> ¹⁶				<i>orbayu</i>
<i>leira</i>			<i>estaxar</i>	<i>estaya</i>
<i>leria</i>				<i>bahayaes</i>
<i>acougar</i>				<i>aselar</i>
<i>adoitar, avezar</i>				<i>avezar</i>
<i>agá(s)</i>				<i>salvo</i>
<i>aloucar</i>		<i>al-oucar, al-oriar</i>	<i>al.loriar</i>	<i>alloriar</i>
<i>andoriña</i>		<i>andolía</i>	<i>andulina</i>	<i>andarina</i>
<i>alcanzar, achegar</i>		<i>achegar, apurrir</i>	<i>apurrir</i>	
<i>baleiro</i>				<i>vaciu, vale(i)ru</i>
<i>cóxegas</i>			<i>coscas</i>	<i>cosques</i>
<i>despir</i>				<i>esnudar</i>
<i>estripiar</i>				<i>espurrir</i>
<i>esterco</i>			<i>cuito</i>	<i>cuello</i>
<i>freita</i>			<i>fana</i>	<i>argayu</i>
<i>porcoteixo</i>		<i>melandro, porcoteixo</i>		<i>melandru</i>
<i>ameixola</i>				<i>nisa</i>
<i>tixela</i>				<i>sartén</i>
<i>pegoreiro</i>			<i>pregueiro</i>	<i>pastor</i>
<i>seixo</i>				<i>cantu</i>
<i>sofraxe</i>				<i>cofrana</i>
<i>sugar</i>				<i>sorber</i>
<i>mollo, (ubre)</i>				<i>caldar, ubre</i>
<i>vasoiro</i>				<i>escoba</i>
<i>xacando</i>		<i>xacuando</i>		<i>acuantayá</i>
<i>xermolar</i>				<i>gu(a)ñar</i>
<i>losqueada</i>				<i>mocada</i>
<i>tolo</i>				<i>llociu</i>
<i>(praia de) xógora</i>				<i>(playa de) bola</i>
<i>roibén</i>		<i>rubién</i>		<i>vermeyor</i>
<i>silva, (silveira), arto</i>				<i>artu</i>


¹⁵ É coñecido can, como tamén acontece en castelán, mais non é o máis normal.

¹⁶ En galego é a roxada da mañá, mentres que en asturiano é a choiva miúda.




Mapa 1

Os límites dialectais segundo Menéndez Pidal entre asturleonés e galego-portugués e más castelán (1961). Unha versión algo máis actualizada deste mapa recóllea Alonso Zamora Vicente (1989:85).




Mapa 2

Límite de ditongación e non ditongación en Asturias segundo Menéndez García (1961)



Mapa 3

Límite da perda e conservación de /n/ en Asturias segundo Menéndez García (1961)



MAPA 3

- Frontera occidental de la diptongación de *o*, *é*.
 +---+ Frontera oriental de la diptongación de *e* trabajada por nasal; del mismo color para la persona. Tú de los perfectos del morfema -ir para la persona Yo de los perfectos en -er, -ir de los pronominales tú (tú), míe (míe) de las contracciones en los pronominales de éstos. + ac: ma, cho, vil, etc.
 — Frontera entre pu y pué (CEGO).
 +---+ Frontera oriental de la pérdida de -s.
 — Frontera occidental de -s. L. > y.
 — Áreas en que -s.Y., -s.T. > g = ch.

1. Mieres	19. Puerto de Cangas	37. Arcentales (Bravo)	55. La Alberca	73. Mediegos (Bravo)
2. Ercillejo	20. Villavieja	38. Riestra (Bravo)	56. Narón	74. Fornes (Bravo)
3. Fozal	21. Aviles	39. Cea	57. Argüiniegos (Bravo)	75. Sotreses (Bravo)
4. Villaviciosa	22. Piloña	40. La Ucera	58. Regueras (Bravo)	76. Colunga
5. Samartín	23. Tineo	41. La Pola (Bravo)	59. El Valle (Bravo)	77. Villaviciosa
6. Soto	24. El Boal	42. Pravia	60. El Cabanal (Bravo)	78. Navia
7. Sestu	25. Valdés (Bravo)	43. La Fuentidueña	61. Cudillero (Bravo)	79. Narval
8. Aniezo	26. Poo (Bravo)	44. Villagón	62. Allande (Bravo)	80. Peñalba
9. S. Esteban	27. Villaviciosa	45. Berbesca	63. Culleredo (Bravo)	81. Renedo (Bravo)
10. Asón	28. Grado	46. Oviedo	64. Rumbera (Bravo)	82. Adrada (Bravo)
11. Villaviciosa	29. Enya	47. Pola (Bravo)	65. Ropellece (Bravo)	83. Langre
12. Sahagún	30. Riomangui (Bravo)	48. Parres	66. La Lentilla (Bravo)	84. Meras
13. Ribadedeva	31. Riaza del Río Iregua	49. Ruesga (Bravo)	67. Cebreiro (Bravo)	85. Teverga
14. Llanes	32. Rebollar (Bravo)	50. El Sotón (Bravo)	68. Soba (Bravo)	86. In Navia
15. Illano	33. Vivero (Bravo)	51. Meirona (Bravo)	69. Asieguane (Bravo)	87. In Negro
16. Trabada	34. Ruesga (Bravo)	52. Sistene	70. Branto (Bravo)	88. In Soba
17. León (provincia)	35. Asturias (Bravo)	53. Póveda	71. Entrecruces (Bravo)	
18. Sotrana	36. Vega de Teverga	54. Luaces	72. Entrecruces del Río (Bravo)	

Mapa 4

Os límites entre galego e asturiano en Asturias segundo Diego Catalán (1989:48)

BIBLIOGRAFÍA

- ACEVEDO HUELVES, B. e FERNÁNDEZ FERNANDEZ, M., *Vocabulario del bable de occidente*. Centro de Estudios Históricos. Madrid, 1932.
- ALONSO, D., *Obras Completas*, tomo 1, *Del Occidente Peninsular* Ed. Gredos, Madrid 1972, pp. 291-533. Incluye os artigos: «Enxebre», «El gallego leonés de Añcares y su interés para la dialectología portuguesa» (en colaboración con Valentín García Yebra), «El saúco entre Galicia y Asturias (nombres y supersticiones)», «Junio y julio entre Galicia y Asturias», «Notas sobre léxico y etimología», «Dos voces portuguesas: *estiar*, *sotaque*», «Gallego-asturiano *engalar* «*volar*» (casos y resultados de velarización de -n- en el dominio gallego)», «Gallego *bordelo*, *abordelar* (sobre el par de encuarte en el Nordeste Peninsular)», «Dos palabras gallego-asturianas», «Narraciones orales gallego-asturianas», «Ganado vacuno en San Martín de Oscos».
- BABARRO GONZÁLEZ, X., *Galego de Asturias. Delimitación, caracterización e situación sociolingüística*. Universidade de Santiago, 1994.
- CATALÁN, D., *Las lenguas circunvecinas al castellano*. Paraninfo, Madrid, 1989.
- CORRIENTES, F., *Diccionario de arabismos*. Gredos, Madrid. 1999.
- FRÍAS CONDE, F. X., *Proposta de notas normativas do galego de Asturias*, in *A Freita*, n.º 10 (I parte, pp. 40-50, 1997) y n.º 11 (II parte, pp. 46-55, 1998). Eilaõ, Asturias.
- FRÍAS CONDE, F. X., «Sobre os bloques dialectais do galego: unha nova proposta» in *Revista de Filología Románica. Homenaje a Pedro Peira*, vol. 1, 241-256, Madrid, 1997.
- FRÍAS CONDE, F. X., «Subestándar versus castrapo no galego de Asturias», in *A Freita* n.º 10. pp. 32-39. Eilaõ (Asturias), 1997.
- FRÍAS CONDE, F. X., *O galego exterior ás fronteiras administrativas*. VTP ed. Xi-xón, 1999.
- GARCÍA DE DIEGO, V., *Manual de Dialectología Española*, Centro Iberoamericano de Cooperación, Madrid, 1978.
- HERNÁNDEZ, A., «Algunas características del habla de As Figueiras», in *Estudios y Trabajos del Seminariu de Llingua Asturiana (II)*. Universidad de Oviedo, 1979.
- MENÉNDEZ GARCÍA, M., «Cruce de dialectos en el habla de Sisterna (Asturias)», in *Boletín de Tradiciones Populares*, VI, 1950. pp. 355-402.
- MENÉNDEZ GARCÍA, M. (1951), «Algunos límites dialectales en el occidente de Asturias», in *BIDEA*, 5:14.
- MENÉNDEZ GARCÍA, M., *El Cuarto de los Valles (Un habla del Occidente Asturiano)*. BIDEA, Oviedo, 1963. Tomos I e II.
- MENÉNDEZ PIDAL, R., *El dialecto leonés*, IDEA, Oviedo, 1962.
- MENÉNDEZ PIDAL, R., *Manual de Gramática Histórica Española*, Espasa Calpe, Madrid, 1967.
- RODRÍGUEZ-CASTELLANO, L., «Palatalización de L- inicial en la Asturias de habla gallega», *Verba* 2, 1975.
- RODRÍGUEZ CASTELLANOS, L., *Aspectos del bable occidental*. IDEA, Oviedo, 1954.
- ZAMORA VICENTE, A. *Dialectología Española*, Gredos, Madrid, 1970.

